



## FICHA RESUME

Ano	2009	PE 403A 2008/70-5 PE 403A 2008/73-5 PE 403A 2008/78-5 PE 403A 2008/82-5
Plan explotación <sup>(1)</sup>	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime <sup>(2)</sup>	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade <sup>(3)</sup>	MARISQUEO A FLOTE	

Especies	Ameixa fina ( <i>R.decussatus</i> ), Ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa rubia ( <i>V.rhomboides</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> ), carneiro ( <i>V.verrucosa</i> ), cornicha ( <i>S.solida</i> ), relo ( <i>D.exoleta</i> )
Ambito do plan	Bancos marisqueiros sublitorais da Ría de Vigo, excepto a autorización da confraría de Baiona.
Subzonas de explotación	Parte externa da enseada de Baiona, de Cabo Estai a Monteferro, Cabo de Mar, Madorníña, Bouzas, Canido, Toralla, Samil, Cuncheiro de Samil, Travesos, A Guía, ETEA, punta Arroás, Borna, Tirán, Pejo, boia e punta de Rodeira, Rodeira, Canastros, Borneira, Os Baidos, Salgueirón, Balea, praia de Cangas, Massó, Liméns, Barra e Cíes, Pedra da Oliveira, Lazareto, Portela, Chapela, Cabanas, Pedra Branca, praia de Cesantes, Area Nova-Puntal-Río do Medio, Cabalo, río da Emilia e Area do Cabalo.

## Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	341	
Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup>		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

## Calendario de explotación

Días máximos de extracción	180										
Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup> : de xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses en abril e maio.											
Modalidade <sup>(3)</sup> : dende embarcación											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X			X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura<sup>(6)</sup>

Especies	Embarcación	kg/tripulante/día
Ameixa fina		3
Ameixa babosa		8
Ameixa rubia		16 <sup>(1)</sup>
Ameixa xaponesa		12
Berberecho		10
Carneiro		4
Cornicha		3
Reló		Establecerase na apertura

(1) Modificado por Resolución do 16 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición



(1) Durante un máximo de 70 días ao ano poderá aumentarse a 20 kg/tripulante debidamente enrolado e a bordo/día, se o estado do recurso o permite.

Na zona externa poderá compensarse durante todo o ano, 2 kg de ameixa rubia por cada quilo de ameixa babosa, e nos días nos que se aumente o tope de captura de ameixa rubia a compensación será de 2,5 kg por quilo de ameixa babosa.

**Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.**

<b>Artes a empregar</b>	Rastros, raños e ganchas, segundo o Decreto 424/1993, cunha separación mínima entre varillas de 17 mm para o berberecho, ameixa fina e ameixa xaponesa.
-------------------------	---

<b>Puntos de control</b>	Zona de traballo mediante embarcación.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Cangas, Moaña, Vilaboa, Arcade, Redondela, Canido, Vigo e Baiona.

<b>Accións a realizar <sup>(7)</sup></b>	<b>Epocas probables <sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas: Tirán, Canido, Cabalo, Area Nova do Cabalo												
Especies: ameixa babosa e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												
Preengorde de ameixa en batea												

<b>Outras consideracións <sup>(9)</sup></b>
Para o ano 2009 preséntanse 4 plans de explotación para o marisqueo a flote na ría de Vigo. As características dos plans presentados e o resultado da súa análise resúmense a continuación:

(1) Modificado por Resolución do 16 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición



**Plan específico de explotación presentado pola Asociación de confrarías da Ría de Vigo,** resultado do acordo tomado pola comisión de marisqueo a flote da entidade que acordou a presentación do plan polas confrarías de Moaña, Baiona, Vigo e pola Asociación de mariscadores de Vilaboa. O plan presentado inclúe a todas as embarcacións coa arte de marisqueo Z1 no seu permiso de explotación, aínda que só presentan a relación de embarcacións das entidades mencionadas no punto anterior. O ámbito do plan son os bancos sublitorais da ría de Vigo, excepto a autorización de Baiona. A planificación do traballo (época probable e días máximos) correspóndese coa que se estivo a realizar nos últimos anos.

Analizada a proposta de plan de explotación presentada obsérvase que:

1. Non se presenta informe de mostraxes de avaliación dos recursos e de datos de seguemento da explotación non son axeitados, dado que só presentan os correspondentes á confraría de Moaña. Nun plan de explotación cun ámbito tan amplo, para coñecer o estado do recurso son necesarios mostraxes dos banco, datos de extracción de cada unhas das áreas e seguemento das tallas de capturas. Coñecer a CPUE de cada zona é necesario para planificar unha explotación racional.
2. Solicitan incremento dos topes de captura para a ameixa babosa, ameixa rubia e carneirolo pero non presentan avaliación biolóxica que xustifique tal petición.
3. As accións de rexeneración están pouco desenvoltas.
4. Non presentan plan financeiro.
5. Os puntos de control no mar son indefinidos e os de terra no abarcan á totalidade das organizacións, ao igual que os puntos de venda.

**Plan específico de explotación presentado pola confraría de Moaña para moluscos bivalvos:** é moi similar ao presentado pola Asociación de confrarías da ría de Vigo, diferenciándose basicamente nos seguintes aspectos:

1. Só formulan obxectivos de produción para os mariscadores de Moaña
2. Presenta evolución de capturas e esforzo pesqueiro só do colectivo de mariscadores da entidade.
3. Os puntos de control son indefinidos indicando que serán na zona de traballo e a lonxa de Meira e sinalan a posibilidade de control conxunto co resto das entidades.
4. Nos puntos de venda só inclúen a lonxa de Meira e a lonxa do Berbés.

**Plan específico de explotación presentado pola confraría de Arcade para moluscos bivalvos:** Este plan é presentado para os bancos sublitorais do ámbito territorial da entidade, de Punta Cabalo á caseta do Ceboleiro cara ao interior da ría. As embarcacións participantes serían que posúen a arte de marisqueo asociadas á confraría de Arcade máis o resto das embarcacións das entidades da ría de Vigo, e as especies serían: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho.

Analizada a proposta de plan de explotación presentada obsérvase que:

1. Os obxectivos de produción parecen referirse só ás embarcacións da entidade.
2. Os topes de captura propostos para a ameixa babosa, ameixa fina e berberecho non serían axeitados. Así, no caso da ameixa babosa un tope de 5 kg/mariscador/día considérase inviable, xa que esta especie non é abundante e o seu tamaño medio é reducido. Así, no ano 2008 o tope de captura para a ameixa babosa na enseada é de 1 kg/mariscador/día. Ata o 30 de setembro do presente ano as embarcacións da confraría de Arcade extraeron 76 kg de ameixa babosa no banco de Area Nova do Cabalo (CPUE de 0,13 no mes de agosto e 0,05 en setembro). E non constan capturas no inverno porque no banco que se traballa nesa



época (Area Nova-Puntal- Río do Medio) case non aparece esta especie.

Con respecto ao incremento do tope de captura do berberecho (de 10 a 20 kg) non estaría xustificado porque non hai datos que amosen un aumento da produción e a talla media dos exemplares é pequena. Tampouco estaría xustificado o tope proposto para a ameixa fina (de 3 a 5 kg), cuxas capturas non sufriron grandes variacións nos últimos 4 anos. Por outra banda o tope solicitado para a ameixa xaponesa só sería axeitado cun reforzo da poboación mediante sementeiras.

3. Propoñen traballar todo o ano de luns a venres. En vez da veda tradicional propoñen rotar os bancos. Dende o punto de vista biolóxico non se considera axeitada o incremento da presión pesqueira que terían lugar sobre os bancos por considerar que daría lugar a una situación de sobrepesca.
4. Propoñen novas zonas de traballo, como río da Tata, Pesqueira e Caída do sur, pero non prestan unha avaliación para coñecer se as poboacións teñen biomasa explotable.
5. Non especifica as actuacións para a mellora dos bancos, aínda que indica que se levarán a cabo en todas as subzonas.
6. Os puntos de control situaríanse na zona de traballo e nas lonxas das entidades cun barco de Arcade e embarcacións do resto das entidades. No caso de non chegar a acordos co resto das entidades dubidamos da efectividade dun único punto de control.
7. Segundo o plan presentado todas as confrarías con socios que traballen nos bancos xestionados por Arcade deberán contribuír aos gastos de vixilancia e control. Non explican o sistema a seguir e non consta acordo co resto das entidades na documentación do plan.

Finalmente lembrar con respecto ao ámbito proposto no plan, que o alcance xurídico da determinación do ámbito territorial afecta unicamente á determinación do territorio para a afiliación dos membros das confrarías, non tendo a consideración de dereito preferente para a explotación dos recursos mariños ou marisqueiros, agás nos casos que legalmente se lle atribúa outro alcance (artigo 46.5 do Decreto 261/2002, do 30 de xullo).

**Plan específico de explotación para moluscos bivalvos presentado polas confrarías de Redondela, Cangas e por Cies Artesanais, S. Coop.Galega e Mar do Morrazo, S.Coop.Galega:** O ámbito do plan son os bancos sublitorais da ría de Vigo, excepto a autorización de Baiona. Os participantes serían todas as embarcacións coa arte de marisqueo.

Analizada a proposta de plan de explotación presentada obsérvase que:

1. Propónse un esforzo pesqueiro moi superior ao actual que incrementaría considerablemente a presión sobre a pesquería, así:
  - a) Os topes de captura se incrementan considerablemente con respecto ao aprobado para o plan do ano 2008. Sen embargo dita proposta non está xustificada segundo o informe técnico, xa que as mostraxes realizadas non amosan un incremento de biomasa, e pola contra apreciase unha diminución importante do tamaño de captura para as distintas especies nos diversos bancos.
  - b) O número de días elévase a 251, xa que propoñen traballar de xaneiro a decembro e de luns a venres, o que supón 71 días máis que os autorizados para o ano 2008.
  - c) Con respecto á rotación de bancos: nos últimos anos traballouse de xaneiro a decembro cunha veda en abril e maio e 15 días de inactividade na primeira quincena de setembro alternándose unha serie de bancos dentro da zona externa e da zona interna (bancos de verán e de inverno). De acordo co informe técnico, a proposta presentada limitase a empezar a traballar antes nos bancos e rematar máis tarde, o que supón maior tempo de explotación nos bancos principais, xa que a inclusión de máis zonas á vez que están abertos estes bancos non evitaría a concentración da flota neles, ademais de a inclusión de determinadas zonas non está xustificada por non ter datos de avaliación ou seguemento dos mesmos (A



- Cuncheira, Cabanas, Arealonga, Masó-Balea-Borneira, etc) ou por ser tan pequenos que a explotación deber ser limitada (ex. Río da Emilia, Pedra da Oliveira).
- d) Os obxectivos de produción presentados nunha gráfica como previsións para o ano 2009 (apartado 1.4), non coinciden coas medidas de esforzo propostas, xa que os días e topes aumentan sen embargo esperase obter menos ameixa fina, xaponesa, babosa e berberecho que o presente ano. No propio apartado do plan recollese que “os valores agardados para o último trimestre do ano e para a anualidade 2009 amosan unha tendencia á baixa en tódalas especies agás no carneiro e na ameixa rubia onde espérase un lixeiro aumento”.
2. Con respecto as especies, no plan de explotación aprobado para o ano 2008 xa se excluía a ameixa bicuda (*V.aurea*). Esta especie detectouse nas mostraxes realizadas no banco de Canido, Rodeira e Lazareto, pero de xeito ocasional. Para poder incluíla como especie explotable sería necesario coñecer o estado da poboación, e poder dispor de datos que permitan avaliar se a especie ten unha biomasa explotable. O mesmo sucede co rabioso (*G.glycimeris*), onde non hai datos que indiquen que a poboación é explotable. Esta especie non foi detectada nas mostraxes realizadas nos bancos sublitorais.
  3. A zona de traballo proposta é dividida en 12 zonas, dentro das cales estarían incluídos os bancos marisqueiros. E fundamental para o seguimento do plan, que os datos de captura veñan diferenciados por banco. Non existen datos de avaliación ou seguimento de tódolos bancos propostos nas distintas zonas. Por outra banda inclúese Domaio e Meira-Moaña, onde non existe acordo de división entre as zonas de a pé e a flote, e ademais descoñécese a produtividade da zona sublitoral.
  4. As accións para a mellora da produtividade está pouco desenvoltas o que impide a súa valoración
  5. . Finalmente indicar que nas relacións de participantes presentadas hai 19 embarcacións que figuran repetidos nos listados das diversas entidades.

Así polo tanto, á vista do exposto anteriormente a **explotación de moluscos bivalvos na ría de Vigo na modalidade de marisqueo dende embarcación realizarase baixo as seguintes condicións:**

Especies: En relación coas **especies**, e de acordo co informe técnico deberán excluírse a ameixa bicuda e rabioso. A ameixa bicuda está aparecendo en determinados bancos (Canido, Rodeira, Lazareto), sen embargo a información aportada no plan de explotación non é suficiente para considerala especie explotable, podéndose valorar a súa inclusión si se presenta unha avaliación da biomasa deste recurso nos diferentes bancos. Ambas especies non figuraban nos obxectivos de produción dos plans presentados.

Respecto ao rabioso non se aportan datos que indiquen a existencia dunha poboación explotable.

**Participantes:** embarcacións coa arte de marisqueo Z1 no permiso de explotación en vigor.

Con respecto ás relacións de participantes que figuran nos diferentes plans presentados advírtese que:

- A embarcación EULALIA VI-8-419 figura como desguazada no censo da flota pesqueira



operativa.

- A embarcación MARIA TERESA VI-5-1175 figura no censo da flota pesqueira operativa como retirada da actividade pesqueira.
- As embarcacións MERCHI VI-4-5327, FUENTES VILL-5-5/96 non teñen a arte de marisqueo Z1 no seu permiso de explotación.
- A embarcación SUSO II VI-5-9642 non figura no censo da flota pesqueira operativa.
- As embarcacións QUIQUE VI-8-1167 e TERROR DE LOS MARES VI-5-6132 teñen outorgadas autorizacións provisionais para libre marisqueo.
- A embarcación CLEMENTE UN VI-8-495 ten a arte de libre marisqueo no seu permiso de explotación.

**Ámbito do plan:** Bancos sublitorais da ría de Vigo, excepto a autorización da confraría de Baiona.

Bancos marisqueiros: Parte externa da enseada de Baiona, de Cabo Estai a Monteferro, Cabo de Mar, Madorníña, Bouzas, Canido, Tóralla, Samil, Cuncheiro de Samil, Travesos, A Guía, ETEA, Punta Arroas, Borna, Tiran, Pejo, Boia e Punta de Rodeira, Rodeira, Canastros, Borneira, Os Baidos, Salgueirón, Balea, praia de Cangas, Massó, Liméns, Barra e Cies, Pedra da Oliveira, Lazareto, Portela, Chapela, Cabanas, Pedra Branca, praia de Cesantes, Area Nova-Puntal-Río do Medio, Cabalo, río da Emilia e Area do Cabalo.

Exclúese a zona de Domaio e Meira-Moaña mentres non se avalíe o estado do recurso e exista un acordo de separación das zonas de a flote e a pé co colectivo de mariscadoras da confraría de Moaña.

**Calendario:** 180 días máximos de extracción, entre xaneiro e decembro, de luns a xoves salvo épocas puntuais en que se poderían traballar os venres, e unha veda nos meses de abril e maio. A eliminación do período de vedas require dunha xustificación na que se desenvolva unha **descrición detallada e axeitada** de cómo se vai realizar a rotación. Podería avaliarse novamente a proposta de calendario, no caso de que se presentase unha **descrición da rotación dos bancos marisqueiros coñecidos e avaliados ou con datos de seguimento da explotación**, indicando mes a mes os bancos que se abrirían e pecharían, e as especies que se extraerían, de xeito que se demostrase o período de descanso de cada banco marisqueiro. Non é suficiente prolongar os períodos de extracción nos bancos principais e coñecidos e engadir zonas nas que se descoñece o estado do recurso ou das que non se teñen datos por non haber sido remitidos polas entidades.

En relación cos **topes de captura:**

As mostraxes dos bancos da zona interna non reflicten un aumento da abundancia ou biomasa con respecto aos anos anteriores que xustifiquen o aumento de cupo.

No caso da **ameixa fina** o tope manterase en 3 kg/tripulante/día. Nesta especie as mostraxes realizadas reflicten unha mantemento nos valores de abundancia dos principais bancos da zona interna con respecto a anos anteriores, é unha menor porcentaxe de individuos de tamaño regulamentario.

No caso da **ameixa babosa**, nas mostraxes realizadas non aparece esta especie en Area Nova-Puntal-Río do Medio. No Cabalo e en Area Nova do Cabalo a abundancia é moi baixa e a talla media en ambos casos tamén é reducida (30,33 mm para o Cabalo e 32,26 mm para Area





Nova do Cabalo). Polo tanto, na zona interna o tope de ameixa babosa establecerase en cada resolución de apertura en función do estado do recurso a medida que se desenvolva a campaña. Na zona externa o tope de captura de ameixa babosa manterase en 8 kg/tripulante/día.

No caso da **ameixa xaponesa**: na zona interna o estado do banco de area Nova-Puntal-Rio do Medio é mellor que o ano anterior tanto en abundancia como en tamaño medio, polo que considerase axeitado un cupo de 12 kg/tripulante, tendo en conta que a poboación se reforza mediante sementeiras.

No **berberecho** manterase o tope de captura do presente ano, dado que os resultados das mostraxes amosan un aumento dos valores de densidades sen embargo en moitos bancos a porcentaxe de individuos de tamaños regulamentarios diminuíu.

O mesmo problema de tamaños atópase no **carneiro**, polo que o tope manterase en 4 kg/tripulante/día.

(1) No caso da **ameixa rubia** o tope será de 16 kg/tripulante/día, podendo incrementarse ata 20kg/tripulante debidamente enrolado e a bordo/día, durante un máximo de 70 días ao ano, en función do estado do recurso na zona de traballo.

Na zona externa poderase compensar todo o ano 2 kg de ameixa rubia por cada quilo de ameixa babosa, e nos días en que aumente a cota, a compensación de ameixa rubia será de 2,5 kg por quilo de ameixa babosa.

A vista dos datos das mostraxes realizadas e dos controis de tallas quincenais, os topes de capturas poderían reducirse segundo o estado dos bancos e/ou atrasar a súa apertura.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, **os datos da explotación** necesarios para o **seguimento de cada banco** deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que **coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior por parte de tódalas entidades.**

Nas peticións de apertura deberán indicar o número de puntos de control que terá cada entidade, a súa situación, identificar a/s embarcación/s de control e as persoas responsables.

Os datos de seguimento dos tamaños de captura en lonxa nos bancos principais no ano 2008 amosan un porcentaxes elevados de tallas non regulamentarias de ameixa fina, ameixa babosa e berberecho. Para evitar a sobrepesca por crecemento (explotación de exemplares que non acadaron o tamaño idóneo) que conduce a unha diminución da biomasa explotable é necesario que os puntos de control sexan eficaces, converténdose nunha medida fundamental para unha explotación sostible dos recursos.

A valoración das accións de rexeneración e dos traballos de semicultivo será realizada no momento no que se detallen as zonas, períodos, metodoloxía, participantes e organización dos mesmos.

En relación coas probas de preengorde de ameixa xaponesa en parques en A Portela (zona intermareal), hai que ter en conta que no plan de marisqueo a pé presentado pola confraría de Redondela non se reflicten parques de engorde para o marisqueo a flote, ademais o informe técnico do plan indicado sinala a existencia de conflito entre este colectivo e os mariscadores de



a flote polo uso dunha zona do intermareal para preengorde. Polo tanto, calquera autorización de sementeira en zona intermareal ou de repoboación de semente procedente de parque de engorde de zona intermareal con destino a un banco sublitoral requirirá de:

1. Acreditación previa do acordo existente entre o colectivo de mariscadores a flote e a pé conforme se establecen ditos parques, así como definición da súa situación mediante coordenadas cartográficas.
2. Petición na que se describan os obxectivos, a zona, metodoloxía, participantes e o/a responsable técnico de seguimento, que deberá remitir un informe anual dos resultados das probas efectuadas.

En canto á mecanización do angazo, indicar que se trata dunha modificación dunha arte contemplada no decreto 424/1993, é non procede a súa valoración dentro de un plan de explotación presentado ao abeiro do Decreto 423/1993.

O **horario** para o marisqueo dende embarcación é de 8:00 a 14:00, de conformidade co autorizado para marisqueo dende embarcación segundo o establecido no artigo 115 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,...

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubri-lo á administración